

MÍNIMOS ESIXIBLES NA MATERIA DE GREGO 2º BACHARELATO

Grao mínimo de consecución para superar a materia.

O alumnado acadará o grao mínimo en cada un dos estándares de aprendizaxe marcados polo Decreto 86/2015, do 25 de xuño:

Bloque 1. Lingua grega

- 1.1. Coñecer as orixes dos dialectos antigos e literarios, clasificalos e localizalos nun mapa. (10 %)
- 1.2. Comprender a relación directa entre o grego clásico e o moderno, e sinalar algúns trazos básicos que permiten percibir este proceso de evolución (10%)
- 1.3. Recoñecer a evolución da lingua grega ata chegar ao momento actual nos aspectos fonéticos, morfosintáctico e léxico. (10 %)

Bloque 2. Morfoloxía

- 2.1. Identificar, analizar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas nominais e pronominais. (10%)
- 2.2.1. Identificar, conxugar, traducir e efectuar a retroversión de calquera tipo de formas verbais. (10%)
- 2.3. Coñecer as categorías gramaticais. (10 %)
- 2.4. Coñecer, identificar e distinguir os formantes das palabras. (10%)
- 2.5. Realizar a análise morfolóxica das palabras dun texto grego. (10%)

Bloque 3. Sintaxe

- 3.1. Recoñecer os valores dos casos e os usos sintácticos do sistema pronominal. (20%)
- 3.2. Recoñecer os usos das preposicións e dos complementos circunstanciais. (20%)
- 3.3. Coñecer e identificar os usos modais propios da lingua grega. (20%)
- 3.4. Recoñecer e clasificar as oracións e as construcións sintácticas. (10%)
- 3.5. Recoñecer os nexos subordinantes e os tipos de oracións subordinadas. (10%)
- 3.6. Coñecer as funcións das formas non persoais do verbo. (20%)
- 3.7. Relacionar e aplicar coñecementos sobre elementos e construcións sintácticas da lingua grega en interpretación e tradución de textos de textos clásicos. (20%)

Bloque 4. Literatura

- 4.1. Coñecer as características dos xéneros literarios gregos, os seus autores e obras máis

representativas, e as súas influencias na literatura posterior. (10%)

4.2. Analizar, interpretar e situar no tempo textos mediante lectura comprensiva, distinguindo o xénero literario ao que pertencen, as súas características esenciais e a súa estrutura, se a extensión da pasaxe elixida o permite. (10%)

4.3. Coñecer os fitos esenciais da literatura grega como base da literatura e da cultura europea e occidental. (10%)

4.4. Establecer relacións e paralelismos entre a literatura clásica e a posterior. (10%)

4.5. Coñecer os autores fundamentais da literatura coas súas obras principais. (10%)

Bloque 5. Textos

5.1. Coñecer, identificar e relacionar os elementos morfolóxicos da lingua grega en interpretación e tradución de textos gregos. (10%)

5.2. Utilizar o dicionario e procurar o termo máis apropiado na lingua propia para a tradución do texto. (20%)

5.3. Realizar a tradución, a interpretación e o comentario lingüístico, literario e histórico de textos de grego clásico. (10%)

5.4. Coñecer o contexto social, cultural e histórico dos textos traducidos. (10%)

5.5. Identificar as características formais dos textos. (10%)

Bloque 6. Léxico Textos

6.1. Recoñecer os helenismos máis frecuentes do vocabulario común e do léxico especializado, e remontalos aos étimos gregos orixinais. (10%)

6.2. Identificar a etimoloxía e coñecer o significado das palabras de orixe grega da lingua propia ou de outras, obxecto de estudo de léxico común e especializado. (10%)

6.3. Coñecer, identificar e traducir o léxico grego.(20%)

6.4. Relacionar palabras da mesma familia etimolóxica ou semántica. (10%)

6.5. Recoñecer a etimoloxía e evolución das palabras da propia lingua.(10%)

6.6. Recoñecer e identificar os elementos léxicos e os procedementos de formación do léxico grego, a derivación e a composición, para entender mellor os procedementos de formación de palabras nas linguas actuais. (10 %)